



RESUMO DOS CONTIDOS DAS MATERIAS OPTATIVAS DE 1º E 2º ESO

INVESTIGACIÓN E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN (1º ou 2º ESO)

- Obxectivos:
 - Desenvolver habilidades, coñecementos e actitudes en relación coa información en distintos tipos de textos informativos, e en diferentes soportes e formatos, e que poidan abordar a realización de pequenos traballos de investigación de carácter individual ou en grupo.
- Bloque de contidos: o desenvolvemento de contidos está ligado á biblioteca escolar do centro, concibida como un centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe. A biblioteca ofrece oportunidades de aprendizaxe con recursos impresos e dixitais, presentes ou accesibles a través da rede.
 - A biblioteca, punto de acceso á cultura impresa e dixital.
 - Fontes informativas. Localización e selección.
 - Organizarse para investigar.
 - Procura e tratamento da información.
 - Xeración de contidos e comunicación.

PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLES (1º ou 2º ESO)

- Obxectivos:
 - Abordar a prevención dos efectos negativos da inactividade física e da dieta desequilibrada, tratando de proporcionarlle ao alumnado unha serie de competencias que lle permitan, desde a práctica, adquirir e instaurar un estilo de vida saudable e que se manteña no tempo.
- Bloque de contidos:
 - Actividade física e saúde: centrado no coñecemento dos efectos positivos de levar unha vida activa.
 - Alimentación para a saúde: hábitos de alimentación e hidratación saudables a través do coñecemento dos alimentos e das bebidas. Análise crítica das etiquetas nutricionais. Dotar de ferramentas básicas para que se enfronten con éxito ao perigo de adquirir hábitos tóxicos para a saúde (alcohol, tabaco, drogas...).



IGUALDADE DE XÉNERO (2º ESO)

► Obxectivos:

- Promover os valores necesarios para o exercicio dunha cidadanía democrática e para construír unha sociedade máis xusta e igualitaria.
- Concienciar o alumnado para que actúe de xeito crítico ante as situacións de desigualdade que percibe no seu contorno e fóra del, e para que recoñeza as relacións intepersoais e sociais desde a natural diversidade de xénero, sexo e orientación sexual como parte dunha realidade enriquecedora, onde non hai lugar para discriminacións ou exclusións de ningún tipo.

► **Bloques de contidos:**

- “A construción social das identidades sexuais e de xénero”: conceptos principais sobre xénero e igualdade, relacionándoos coa realidade escolar, familiar e social.
- “Relacións de xénero e afectividade”: adquirir un coñecemento da propia identidade e unha imaxe das demais persoas libre de estereotipos (que saiba aceptarse e expresarse axeitadamente).
- “Da discriminación á igualdade de oportunidades”: trabállanse as dificultades das mulleres para visibilizarse e acadar o que xa moito antes conseguiron os homes, coñecer que as mulleres foron e seguen a ser discriminadas nos ámbitos público e privado.
- “Cara a unha sociedade sen violencia machista”: pretende describir e poñer de relevo como as violencias machistas son consecuencia das múltiples discriminacións por cuestión de xénero.